



IV 5c⁴

Toñico tiña unha filla
que se chamaba Leonor
un día estaba sentada
cosendo no corredor.

O corredor xa de vello
tiña abertura no piso
so debaixo se miraba
vísaselle o paraíso.

Máis o tuno de Pepiño
cando veu a Leonor,
foise feito unha centella
por baixo do corredor.

Máis ó mirar hacia arriba
cos ollíños contemplaba
as perniñas da rapaza
nunha mesiña sentada.

“Tapa esas pernas Leonor
que si non me engaño vexo
por encima desa mesa
as orellas dun conexo.”

A rapaciña asustada
quíxoas tapar deseguida,
pegou un salto pa atrás
foise de patas arriba.

“Válghate o demo Pepiño,
que che botara na cara,
un bo chorro d’auga quente
pra que a vista che cansara.”

Pepiño sin mirar máis
subeuse pola escaleira
todo mortíño de risa
foi pa xunto á costureira.

“Non te enfades Leonor
porque as pernas che mirei
xa vexo que as tes gordiñas
contigo me casarei.”



“Pois en cando esté solteira
ben seguro podes ter
que as orellas ó conexo
non llas volverás a ver”.

“Non faghas eso muller
non seas de corazón duro
anque outro día non queiras
hoxe sácame deste apuro”.

“Por verme as pernas Pepiño
deiche dolor de barrigha
inda queira Dios que morras
por mirar tanto parriba.”

“Por se-la primeira vez
muller debes perdonarme
dame un bico e un abrazo
que non llo hei decir a nadie”.

“Xa me parece Pepiño
que estás un pouco chiflado
se che dera o que me pides
quedábaste desmaiado.

Ademais diz o refrán
que os bicos non son nenos
e con bicos e abrazos
éche o modo de facelos”.

“Non fagas caso ó refran
anqu’eso pudiera ser,
heime de casar contigo
antes de dalo a saber.

Pois o día que nos casemos,
cariña de serafín,
heiche de dar o permiso
pra que te acheghes a min”.

“Déixame achegar agora
prenda do meu corazón
que si non morro de pena,
e ti non tendrás perdón”.

“Pois anque morras Pepiño
ben seguro podes tar
hastra o día que nos casemos
a min non t’has de chegar”.



Pepiño marchou dicindo:
“Esme de ben mala leche
dez anos de relación
nunca favor me fixeche”.

Pepiño sempre anduvera
solo por pasalo tempo
hasta que lle veu as pernas
non tratou o casamento.

Foi desde aquel día
cando entrou en calor
polo mes de carnaval
casouse con Leonor.

Foi aquel día da boda
un gran día de placer
os dous casados de novo
deitáronse ó escurecer.

Ó empezar ca faena
dixo a rapaza asustada:
“Non brinques tanto Pepiño
que vamos rompela cama”.

“Non te asustes Leonor
que do demo duda ten
a cama está ben segura
brinca un pouco ti tamén”.

Alá pola media noite
Pepiño estaba cansado,
quixo empezar a brincar
pero non dou terminado.

“Vaia por Dios, dixo ela,
xa non te manexas ben,
cando hoxe fas así
que farás pró mes que vén?”.

Vaia por Dios, dixo ela,
xa non sailes do pantano
cando hoxe estás así
que farás d’hoxe nun ano?”.